

Resolución da convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 12 de abril de 2021, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do VII CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o curso 2020/2021.

Con data 12 de abril de 2021, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por sétimo ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o curso 20/21.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros públicos non universitarios durante o pasado curso.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no VII Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 16 de novembro de 2021. O xurado declara deserto varios premios previstos nas modalidades 2.C (dous premios) e 4 (un premio). Tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acórdase a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 1 (2 premios máis), coa redistribución orzamentaria correspondente.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 12 de abril de 2021, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Cultura, Educación e Universidade o dereito de reprodución,



publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través deste concurso.

Santiago de Compostela, (*sinatura dixital*)

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

| Modalidade | Centros Premiados | Concello | Provincia | Título | Asign. |
|--|------------------------------|--------------------|------------|--|------------|
| 1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar | CEIP Emilia Pardo Bazán | A Coruña | A Coruña | <i>Paseando con Emilia</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP dos Muíños | Muxía | A Coruña | <i>Facemos camiños</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP P. de Outes | Outes | A Coruña | <i>Mens sana in corpore sano</i> | 2.000,00 € |
| | IES P. Aquis Celenis | Caldas de Reis | Pontevedra | <i>As palabras no Camiño II</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP P. Meaño-As Covas | Meaño | Pontevedra | <i>Botarse ao monte</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP Valle-Inclán | O Grove | Pontevedra | <i>Ardía 2020-2021</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP de Leirado | Salvaterra de Miño | Pontevedra | <i>A tope coa saúde</i> | 2.000,00 € |
| 2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel | CEIP Manuel Padín Truiteiro | Soutomaior | Pontevedra | <i>Viaxe á Idade Media a través do castelo de Soutomaior</i> | 2.000,00 € |
| | CEIP Pedro Barrié de la Maza | Sada | A Coruña | <i>A nosa Odisea</i> | 1.500,00 € |
| 2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento | CEIP A Lama | A Lama | Pontevedra | <i>Os instrumentos do Pórtico da Gloria</i> | 1.500,00 € |
| | CPI Cruz do Sar | Bergondo | A Coruña | <i>Que podo facer eu para...?</i> | 1.500,00 € |
| 2.c. Proxectos realizados na materia de 1º /2º de ESO "Investigación e tratamento da información" ou noutras materiais equivalentes en ESO ou primaria | IES Ramón María Aller Ulloa | Lalín | Pontevedra | <i>Unha aldea global, en perspectiva de xénero</i> | 1.500,00 € |
| | IES Xoán Montes | Lugo | Lugo | <i>A caixa de Pandora</i> | 1.500,00 € |
| 3. Proxectos de investigación intercentros | CEIP Canosa Rus | Coristanco | A Coruña | <i>Carpíño está en perigo, un mar de valores</i> | 1.500,00 € |
| | CRA de Culleredo | Culleredo | A Coruña | <i>Carpíño está en perigo, un mar de valores</i> | 1.500,00 € |
| 4. Proxectos realizados con metodoloxía científica | CIFP Someso | A Coruña | A Coruña | <i>Crecedemento do pelo</i> | 1.500,00 € |
| | CPI de Cervantes | Cervantes | Lugo | <i>Cervantes 100XCIENCIA</i> | 1.500,00 € |
| | CEIP García Barbón | Vigo | Pontevedra | <i>Cando madre quero ser entomólogo</i> | 1.500,00 € |
| | IES de Valadares | Vigo | Pontevedra | <i>MeteoValadares</i> | 1.500,00 € |
| | IES de Valadares | Vigo | Pontevedra | <i>Sensor CO₂</i> | 1.500,00 € |

